



# PANXOLIÑA DE TODO O ANO

Que veña xaneiro  
que é o mes primeiro  
e tras del febrero  
que é moi pequeneiro.

E marzo marzolo  
trebón e raiolo  
e despois abril  
o das augas mil.

Veña o mes de maio  
con flores a esgallo  
e máis tarde xuño  
cereixas no puño.

Despois veña xullo  
calor a barullo

e sígalle agosto  
quentiño e composto.

Que veña setembro  
as uvas comendo  
logo outubro ronco  
co outono no lombo.

A seguir novembro  
castañas quecendo  
por fin o Nadal  
que é mes do final.

E esta panxoliña  
ao ano acabar  
na fin de decembro  
volve a comezar.

